

Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 26/04/1951

Colección:

Data: 26/04/1951

De:

Francisco Fernández del Riego;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

26 de Marzo, n.º 1089 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Ramón Cabanillas; Emilio Pita; Alfonso Tobío Fernández;

Notas do editor:

Carta de dúas páxinas. O enderezo de Lois Tobío engadino por aparecer noutras cartas coa mesma data.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Francisco Fernández del Riego, a Lois Tobío Fernández do 26/04/1951

Vigo
26-abril
1951
Sr. D. Luís Tobío
Montevideo

Meu querido amigo: Fai tempo que tiña mentes de che escribir. Diversos motivos viñeron aprazando o meu propósito. De todol-os xeitos, coido que desde que nos separamos –¿cántos anos van aló?– non deixei de seguir os teus pasos. Sempre andiven preocupado pol-a tua sorte. Non en balde che debo favores de amizade e orientación, n-aquiles tempos universitarios. ¿Lémbraсте? Por tua nai, por teu irmán Alfonso, por amigos comúns, percurei decote enteirarme dos teus recumbos. Agora Pita, infórmame adoito, e seméllame que en tantos anos non te perdín nunca de vista. A tua aitude fronte ás nosas cousas preocupábame, e sentíame anxeioso de saber o que facías.

Eu vivo unha vida abondo desnortada, mergullado nun ritmo febril de traballo, sin apenas compensacións. Todo parece afundido arredor dun. Se un acerta a atopar cun asideiros. Pasaron os anos, e siguen pasando, nun total fracaso persoal. Soio unha fe galega, n-iste pequeno mundo noso, sostén a un n-ista realidade abraiante, carregada de escenticismos e decenciós. Muitas veces teño matinado na idea de vivir, coma vós, a vida da emigración. Pero sinto un ausurdo tremor por me afastar de Galicia. A pesares de iste isolamento, de iste aturar día a día unha doenza espiritual, da que cecáis non vos decatades ben, cóstame muito crebar as amarras. Aínda quedan algús amigos, bandeados coma min pol-as circunstancias. Pero bó é que haxa xentes limpas e xenerosas, capaces de sortear con enteireza o revolto balbordo que nos asolaga.

Nos minutos, poucos por certo, que podemos furtar ó traballo miltifure [?] e abafante que hai que realizar para vivir, facemos o labor cultural que nos é posibre facer. Demos comezo, con mil esforzos, a unha obra de edicións que coidamos de interés. Iniciámola con unha "Antífona de Cantiga" de Cabanillas. Pero o primordial son uns Cadernos trimestrais que andamos a facer. O primeiro xa saíu. Por correo ordinario remeseiche un exemplar fai varios días. Impórtame muito que nos días a tua opinión sobre a súa presentación e contido. Tamén me importa grandemente que me mandes un ensaio teu pra un próisimo número. ¿Tés algún incomenente pra mo facelo? Teño a esperanza de que á vista da publicación e das xentes que a redaitamos, quererás sumarte á nosa empresa.

E nada máis por hoxe. Recibe a forte e cordial aperta de sempre, do teu vello amigo
F. del R. [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.